

O Relato do Pozo do Lago e a meiga

Érase unha vez unha moura que vivía no pozo do Lago Maior. Un lago que atraía moito turismo debido á súa vexetación, fauna e zona xeográfica. A moura chamada Manuela, vivía alí no fondo do lago nunha oscura e sombría cova, pero cada vez que ían os turistas por alí tiraban o lixo e os desperdicios todos. Facendo así que un atractivo natural como ese, se convertese nun vertedeiro municipal. Isto afectaba principalmente aos peixes, cobras e réptiles da contorna. Tamén os aldeáns que habitaban nun pobo que quedaba alí un pouco máis abaixo chamado Hospital da Condesa. Dependían desa fonte natural para sacar auga e así realizar diferentes tarefas. A moura Manuela tamén lle afectaba, pois collía a auga de alí para facer as apócemas. Tanto os aldeáns de Hospital como a moura os xaboules, corzos e demais fauna da contorna, facían saber que había que acabar coa ameaza dos turistarcos alí que provén de turistas + porcos. Foi entón cando a moura optou por botarlles un mal de ollo a todos os que tiraban lixo, facendo que por cada obxecto que depositaran no lago tiveran que recoller o quintuple de cousas arroxadas. Colosín colorado este relato está acabado.